




UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



A Resolución do 25 de abril de 2000, da Universidade de Santiago de Compostela, publica a modificación do plano de estudos conducentes ó título de Licenciado en Bioloxía para adaptalo á normativa vixente (BOE do 25 de maio). No apartado 3c) sobre os mecanismos de adaptación ó novo plano de estudos establécese que a Universidade, trala consulta ó centro, dictará as resolucións necesarias para o desenvolvemento do plano de estudos, especialmente no referido ás adaptacións non previstas.

A implantación no presente curso académico 2000/2001 de todo o plano de estudos produce unha extensa e diversa casuística nos alumnos que pretenden adaptarse ó novo plano. Como o plano de 1995 que viñan cursando extinguese quedando tódalas materias sen dereito a docencia é necesario dar unha solución os problemas que poden atopar os alumnos ó face-la adaptación.

Para poder recoller todas estas singularidades e que os alumnos se vexan afectados o menos posible no proceso de adaptacións, e trala consulta ó centro

RESOLVO

Primeiro: Os alumnos que están a cursar os estudos de Bioloxía polo plano de estudos de 1995, que pretendan adaptarse o plano de estudos de 2000 poderán facelo adaptando o primeiro ciclo ou materia por materia segundo a táboa de adaptacións, indistintamente.

Segundo: As materias optativas que non teñen equivalencia ou desaparecen no plano 2000 serán adaptadas co mesmo nome e número de créditos.

Terceiro.- Os estudantes que realicen a adaptación por ciclo e teñen cursado materias que cambiaron de ciclo poderán adaptalas ó plano 2000, vinculandoas ó ciclo distinto do que figuran no novo plano, como materia optativa e co mesmo número de créditos que dita materia ten no plano 2000. Estas materias son: 410012321 Bioloxía Floral e 410012322 Inmunoloxía e 410012323 Neuroanatomía Comparada que pertencían o segundo ciclo no plano 95 e son de primeiro ciclo no plano 2000.




UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Cuarto.- Modifícase a táboa de adaptación do plano de estudos incorporando á táboa de adaptacións publicada as seguintes variacións:

Materias plano 1995	Materias plano 2000	Ciclo ó que poderá vincularse
224 Fundamentos de Inmunoloxía	322 Inmunoloxía	1º ou 2º ciclo segundo o expediente do alumno
445 Inmunoloxía	322 Inmunoloxía	1º ou 2º ciclo segundo o expediente do alumno
No caso de te-las dúas aprobadas		
410011224 Fundamentos de Inmunoloxía +	410011224 Fundamentos de Inmunoloxía (4 créditos)	1º ciclo
410011445 Inmunoloxía	410012322 Inmunoloxía	1º ou 2º ciclo
As materias 521 e 421 que se adaptan pola 561 e a 524 e 552 que se adaptan pola 563, adaptarán pola mesma materia e número de créditos cando os alumnos só teña unha delas aprobada		
410011521 Acuicultura: Tecnoloxía do cultivo	410011521 Acuicultura: Tecnoloxía do cultivo	1º ou 2º ciclo
410011421 Acuicultura: Cultivos Auxiliares	410011421 Acuicultura: Cultivos Auxiliares	1º ou 2º ciclo
410011524 Bentos	410011524 Bentos	1º ou 2º ciclo
410011552 Plancton e Necton	410011552 Plancton e Necton	1º ou 2º ciclo

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2000



RECTOR

Darío Villanueva Prieto

Sr. Vicerrector de Ordenación Académica e Titulacións, Sr. Secretario Xeral, Sr. Decano de Bioloxía, Sr. Xefe da Asesoría Xurídica, Sra. Xefa do Servizo de Alumnado, Sr. Xefe da Unidade de Xestión Académica do Campus Sur, Sr. Director do SEIN, Sr. Director do COIE.